

Todas as persoas temos **DEREITO** a ser ben tratadas.

Nesta escola e en todas partes teño **DEREITO** a ser ben tratado/a.

Isto significa que...

- **NINGUÉN** debe pegarme, nin darme empuurróns, nin facerme dano fisicamente.
- **NINGUÉN** debe ameazarme, nin atemorizarme.
- **NINGUÉN** debe quitarme nin estragar as miñas cousas.
- **NINGUÉN** debe insultarme, burlarse, nin rirse de min.
- **NINGUÉN** debe difundir rumores sobre min.
- **NINGUÉN** debe excluírme do grupo, nin impedirme que xogue cos meus compañeiros/as.

Todos estes **DEREITOS** deben ser respectados **SEMPRE**

Todas as persoas temos o **DEBER** de tratar ben aos demais.

Nesta escola e en todas partes teño o **DEBER** de tratar ben a todas as persoas.

Isto significa que...

- **EU** non debo pegar, nin dar empuurróns, nin facer dano fisicamente a ninguén.
- **EU** non debo ameazar, nin atemorizar a ninguén.
- **EU** non debo quitar, nin estragar as cousas dos demais.
- **EU** non debo insultar, burlarme nin rirme de ninguén.
- **EU** non debo difundir rumores sobre as demais persoas.
- **EU** non debo excluír a ninguén do grupo, nin impedir a ninguén que xogue cos compañeiros/as.

Todos estes **DEBERES** deben cumprirse **SEMPRE**



XUNTA DE GALICIA

Consellería de Cultura,
Educación e Ordenación Universitaria

Fagamos un trato: Tratémonos ben!



CEIP AMADEO RODRIGUEZ BARROSO

Rúa San Mamede, 8. 32005-OURENSE

Tel.: 988 220 883 Fax: 988 686 836

Correo electrónico: ceip.amadeo.barroso@edu.xunta.es

Web: <http://www.edu.xunta.es/centros/ceipamadeobarroso/>